PLAN DE ACCIÓN ANUAL

AXENCIA GALEGA PARA
A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE

acis
AXENCIA DE COÑECEMENTO EN SAÚDE

Xacobeo 2021 galicia SERVIZO GALEGO de SAÚDE XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE SANIDADE

ÍNDICE

PLAN DE ACCIÓN ANUAL....4

CLÁUSULAS....6

1. Obxecto e estrutura do Plan de Acción Anual....6
2. Vixencia do Plan de Acción Anual....7
3. Misión e visión da ACIS....7
4. Formulación estratéxica 2021: eixos, obxectivos e accións....7
5. Marco de actuación en materia de xestión de recursos humanos....14
6. Política retributiva....15
7. Procedemento para a cobertura dos hipotéticos déficits....15

ANEXO I: PLAN ESTRATÉXICO (EIXOS, PLANS E ACCIÓNS)..17

Eixo 1. Formación....17
Eixo 2. Docencia....31
Eixo 3. Investigación....37
Eixo 4. Innovación....50
Eixo 5. Avaliación....68
Eixo 6. Xestión....81

ANEXO II: RECURSOS ECONÓMICOS....89

1. Proxección estimativa de ingresos....90
2. Fontes de financiamento....90
3. Proxección estimativa de gastos....90
4. Desagregación dos recursos económicos por eixos e accións....91
5. Desagregación dos recursos económicos de proxectos europeos....95

PLAN DE ACCIÓN ANUAL

PLAN DE ACCIÓN ANUAL

A Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (en adiante, ACIS), creada en virtude do decreto 112/2015, do 31 de xullo, é unha Axencia pública autonómica pertencente ao grupo de entidades públicas instrumentais reguladas no Título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA). A Axencia atópase adscrita á Consellería de Sanidade a través do Servizo Galego de Saúde e posúe personalidade xurídica propia, así como tamén patrimonio e tesourería de si e autonomía na súa xestión nos termos que precisan as leis. ACIS constitúese co obxecto de garantir unha maior eficiencia e eficacia na xestión da docencia, a formación, a investigación, a innovación e a avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios.

Este Plan de Acción Anual é un instrumento operativo da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde que determina as actividades a desenvolver no exercicio orzamentario 2021, para alcanzar os obxectivos fixados no Contrato Plurianual de xestión.

Cabe salientar que no Plan de Acción Anual reflíctense os obxectivos operativos incluídos nos diferentes eixos estratéxicos previstos no contrato de xestión plurianual, incluíndo as diferentes actividades a desenvolver no período, así como o escenario orzamentario no que se desenvolverá cada unha das accións. Así mesmo adáptanse e incorpóranse novas actividades e indicadores consecuencia da evolución dalgúns dos proxectos e novas oportunidades xurdidas ao longo do exercicio anterior.

CLÁUSULAS

CLÁUSULAS

1. OBXECTO E ESTRUTURA DO PLAN DE ACCIÓN ANUAL

O obxecto do presente Plan de Acción Anual é establecer a definición dos obxectivos que se teñen que alcanzar no exercicio 2021, a previsión dos resultados que se pretenden obter e os instrumentos de seguimento, control e avaliación a que se ten que someter a actividade da Axencia (artigo 27, punto 1 do Decreto 112/2015).

Así pois, este Plan de Acción Anual de Xestión terá por obxecto regular a actividade da ACIS mediante o sinalamento das diferentes actividades conducentes ao cumprimento da súa misión, do enfoque que debe darse á realización das mesmas, así como da asignación dos recursos orzamentarios e a dotación de persoal precisa para levar a cabo devanditas actividades.

Este documento estrutúrase indo da enunciación dos aspectos máis xerais e estratéxicos, cara ao particular e operativo. Conseguintemente, en primeiro termo exponse o obxecto así como a misión e visión da Axencia, como expresión máis sintética das aspiracións fundamentais da nova entidade instrumental. Seguidamente establécense cales serán, para o período considerado, os obxectivos estratéxicos. A concreción destas metas depende da execución dos plans de actuación e obxectivos operativos que son expostos co detalle de aliñamentos, programación de accións e indicadores no Anexo I (eixos 1 a 6, ambos incluídos).

Complétase a regulación contida neste Plan de Acción Anual mediante unha serie de cláusulas relativas a cuestións da xestión interna da Axencia.

2. VIXENCIA DO PLAN DE ACCIÓN ANUAL

A vixencia do presente Plan de Acción Anual estenderase ata o 31 de decembro de 2021.

3. MISIÓN E VISIÓN DA ACIS

Dende unha perspectiva estratéxica a creación da Axencia responde á necesidade de dotar ás actividades de docencia, formación, investigación, innovación e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios de flexibilidade de xestión, autonomía, promoción da eficiencia e responsabilidade por resultados. Ademais, a cada vez maior complexidade da investigación biomédica (configuración de proxectos consorciados, impacto normativo...) demanda unha xestión diferenciada e profesionalizada.

A base da formulación estratéxica da ACIS concrétase na definición da súa visón e misión, que establecen as metas a longo prazo e potencian o desempeño e orientación estratéxica da Axencia.

A visión é a de converterse nun elemento nucleador do ecosistema galego de coñecemento e innovación en saúde contribuíndo ao seu posicionamento como referente internacional.

A misión é actuar como un instrumento que posibilite, con máxima eficiencia e aportando valor, a xestión do coñecemento xerado no Sistema Público de Saúde en Galicia, desde o momento da súa xeración ata na transferencia a sociedade promovendo ao mesmo tempo a incorporación ao sistema de novas tecnoloxías e sistemas organizativos nun modelo de innovación aberta.

4. FORMULACIÓN ESTRATÉXICA 2021: EIXOS, OBXECTIVOS E ACCIÓNS

O plan de Acción Anual da Axencia para o ano 2021 estrutúrase nos Eixos, obxectivos estratéxicos,obxectivos operativos e accións que se relacionan a continuación. A descrición detallada proporciónase nos Anexos 1 a 6.

EIXO 1. FORMACIÓN

O obxectivo estratéxico é promover un modelo integral de xestión da formación continuada dos profesionais que traballan no Sistema Público de Saúde de Galicia.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO: FORMACIÓN

Desenvólvese a través dos Obxectivos Operativos 1, 2 e 3, estes obxectivos engloban as actuacións dirixidas a promover un modelo integral de xestión da formación continuada para acadar unha formación de excelencia orientada as necesidades do sistema.

Obxectivo operativo 1.1: Promover un plan de formación continuada adaptado ás necesidades dos profesionais.

Accións:

1.1.1 Enquisa online anual de detección de necesidades de formación.

1.1.2 Promover unha formación acreditada de calidade.

Obxectivo operativo 1.2: Transformar o coñecemento para favorecer novas contornas de aprendizaxe e potenciar novas metodoloxías docentes.

Accións:

1.2.1 Implantar unha nova plataforma tecnolóxica de xestión do coñecemento.

1.2.2 Deseñar un plan integral de formación en simulación, en horario laboral, que provoque un troco no xeito actual de entender a actuación competencial dos profesionais do sector saúde.

1.2.3 Deseñar e desenvolver dúas solucións formativas co uso da realidade virtual e realidade aumentada.

Obxectivo operativo 1.3: Facilitar sinerxías e colaboracións.

Acción:

1.3.1 Xestión dun plan de colaboracións externas.

EIXO 2. DOCENCIA

O obxectivo estratéxico é poñer en valor o sistema de formación sanitaria especializada no SERGAS.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO: COORDINACIÓN DUN MODELO INTEGRAL DE XESTIÓN DA FORMACIÓN SANITARIA ESPECIALIZADA NO SERGAS

Obxectivo operativo 2.1: Promover unha estrutura docente de calidade.

Accións:

2.1.1 Coordinación e impulso da Rede de Comisións de Docencia de Galicia (REDEGA).

2.1.2 Desenvolvemento do marco legal de coordinación da formación sanitaria especializada.

EIXO 3. INVESTIGACIÓN

O obxectivo estratéxico é fomentar unha investigación de calidade que responda aos retos do Sistema Público de Saúde de Galicia.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO: INVESTIGACIÓN

Obxectivo operativo 3.1: Consolidar unha contorna de investigación atractiva para a retención, captación e desenvolvemento de persoal investigador altamente cualificado.

Accións:

3.1.1 Consolidar unha estrutura de Servizo de Apoio ao Investigador para dar resposta ás súas consultas e resolución de incidencias.

3.1.2 Promover melloras nas condicións de traballo e favorecer o desenvolvemento

profesional do persoal investigador mediante a regulamentación da Carreira Investigadora.

Obxectivo operativo 3.2: Impulsar e consolidar o tecido de estruturas de apoio á investigación.

Accións:

3.2.1 Promover o acceso de pacientes a ensaios clínicos así como dun Sistema integrado de información da investigación clínica do Sistema Público de Saúde de Galicia.

3.2.2 Potenciar os biobancos adscritos ao SERGAS e por en marcha o Proxecto Microbioloxía 4.0 para o desenvolvemento de plataformas tecnolóxicas que permitan obter, de xeito rápido e totalmente automatizado, diagnósticos microbiolóxicos fiables de calquera patoloxía a partir de calquera mostra clínica biolóxica, así como identificar cambios no microbioma humano asociados a determinadas enfermidades.

3.2.3 Participación nos mecanismos de goberno e vinculación con axentes de investigación autonómicos e nacionais.

3.2.4 Proporcionar soporte á xestión de procesos de transferencia de resultados de investigación do Sistema Público de Saúde de Galicia.

EIXO 4. INNOVACIÓN

O obxectivo estratéxico é impulsar a innovación no Sistema Público de Saúde de Galicia.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO: VALORIZACIÓN, TRANSFERENCIA DE RESULTADOS E INNOVACIÓN ABERTA

Obxectivo operativo 4.1: Promover a valorización dos resultados da investigación sanitaria e a cultura de innovación entre os profesionais do SERGAS.

Accións:

4.1.1 Promover proxectos de valorización biosanitaria.

4.1.2 Culminar o desenvolvemento dun novo marco normativo para a transferencia de resultados da I+D biomédica galega.

4.1.3 Dinamizar a plataforma e os nodos de innovación.

Obxectivo operativo 4.2: Promover a innovación aberta no Sistema Sanitario.

Accións:

4.2.1 Xestionar e coordinar o plan de innovación Código 100 en nome do SERGAS.

4.2.2 Por en marcha e desenvolver o proxecto "Living Lab" no hospital de Ourense.

4.2.3 Xestionar e coordinar o proxecto INNOVATRIAL no marco do Convenio entre o Servizo Galego de Saúde e o Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial (CDTI).

4.2.4 Xestionar e coordinar o proxecto INNOVA MICROLAB en nome do SERGAS.

Obxectivo operativo 4.3: Promover a internacionalización da innovación do Sistema Público de Saúde de Galicia.

Accións:

4.3.1 Garantir a posición de liderado de Galicia na rede do European Innovation Partnership on Active and Healthy Ageing (EIPonAHA).

4.3.2 Coordinar e executar o proxecto TITTAN.

4.3.3 Coordinar e executar o proxecto REGIONS4PERMED.

4.3.4 Posicionar a Galicia no Consorcio do European Institute of Innovation and Technology (EIT HEALTH SPAIN).

4.3.5 Posicionar a Galicia na Rede Europea de Living Labs (EnoLL).

EIXO 5. AVALIACIÓN

O obxectivo estratéxico é xerar evidencia científica que sustente a toma de decisións do Sistema Público de Saúde no relativo a incorporación de tecnoloxías sanitarias, así como a adopción de novas prácticas clínicas.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO: AVALIACIÓN DE TECNOLOXÍAS SANITARIAS, ELABORACIÓN DE GUÍAS DE PRÁCTICA CLÍNICA E ASESORAMENTO CIENTÍFICO-TÉCNICO.

Obxectivo operativo 5.1: Realizar informes de avaliacións de tecnoloxías sanitarias, así como a súa posterior difusión, solicitados pola Consellería de Sanidade/SERGAS, pola RedETS ou os organismos europeos competentes en avaliación de tecnoloxías sanitarias.

Accións:

5.1.1 Realizar informes de avaliación de tecnoloxías sanitarias para a Comisión Asesora e a Consellería de Sanidade/SERGAS.

5.1.2 Realizar os informes de avaliación de tecnoloxías sanitarias solicitadas pola "Red Española de Agencias de Evaluación de Tecnologías Sanitarias y Prestaciones del Sistema Nacional de Salud" (en adiante: RedETS).

5.1.3 Realizar actividades encomendadas polos organismos europeos relacionados coa avaliación de tecnoloxías dos que forma parte a Unidade de Asesoramento Científico-Técnico, AVALIA-T.

5.1.4 Difusión dos informes da avaliación e doutros produtos elaborados a través das redes sociais, artigos publicados en revistas científicas, boletíns electrónicos e participación en congresos e outras reunións e xornadas científicas.

5.1.5 Levar a cabo a detección e avaliación preliminar de tecnoloxías emerxentes.

Obxectivo operativo 5.2: Elaborar guías de práctica clínica e colaborar na realización doutros produtos baseados na evidencia científica así como desenvolver outras actividades propias da unidade.

Accións:

5.2.1 Realizar as Guías de Práctica Clínica (GPC) ou outros produtos baseados na evidencia (OPBE) encargados pola "Red Española de Agencias de Evaluación de Tecnologías Sanitarias y Prestaciones del Sistema Nacional de Salud (SNS)".

5.2.2 Elaborar guías e ferramentas metodolóxicas que incidan nunha maior calidade e uniformidade dos produtos elaborados polas distintas unidades e axencias de avaliación de tecnoloxías sanitarias das comunidades autónomas e países europeos.

5.2.3 Formación práctica en materias postgrao relacionadas coa documentación e a avaliación de tecnoloxías sanitarias.

5.2.4 Participación en grupos de traballo, comisións ou comités de interese estratéxico para a Consellería de Sanidade.

EIXO 6. XESTIÓN

O obxectivo estratéxico é a xestión eficiente dos recursos económicos e humanos das diferentes unidades/áreas de ACIS para facilitar a consecución dos seus obxectivos.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO: XESTIÓN ECONÓMICA, DE PERSOAL E ADMINISTRATIVA.

Obxectivo operativo 6.1: Xestión económica.

Accións:

6.1.1 Xestión orzamentaria: Elaboración do orzamento anual, control mensual da súa execución e xestión de expedientes de modificacións.

6.1.2 Tramitación contable de ingresos e gastos, xestión de inventarios, fiscalidade e contas anuais.

6.1.3 Seguimento e control de fondos europeos de I+D+i.

Obxectivo operativo 6.2: Xestión de persoal e administrativa.

Accións:

6.2.1 Xestión de persoal: nóminas, xestión de expedientes de contratación de persoal, control horario, tramitación de permisos, vacacións, licenzas e baixas.

6.2.2 Contratación administrativa e Convenios de colaboración empresarial.

5. MARCO DE ACTUACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS

O capital humano é o activo máis importante da Axencia.

O plan de recursos humanos da ACIS está fundado nun compromiso permanente polo desenvolvemento profesional, mediante accións formativas, baseadas nun diagnóstico de necesidades previo; o fomento de incorporación de profesionais da máxima competencia e a cultura da responsabilidade polos resultados esperados.

Coa constitución da Axencia incorporáronse os medios persoais que correspondían á Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria, ao Servizo de Axencia de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias así como persoal de innovación, investigación e docencia incluído na Unidade de Innovación, na Subdirección Xeral de Investigación e Docencia, respectivamente.

A Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde contará con persoal funcionario, estatutario e laboral da Xunta de Galicia.

O persoal funcionario e estatutario ao servizo da Axencia rexerase polo disposto na normativa reguladora da función pública e nas súas normas de desenvolvemento.

Ao persoal laboral da Xunta de Galicia destinado na Axencia garantiránselle os dereitos e deberes que se recollen no convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, e rexerase polo texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e pola demais normativa que lle resulte de aplicación ao persoal laboral ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

A incorporación de persoal á Axencia realizarase logo do informe favorable dos centros directivos competentes en materia de orzamentos, función pública e de avaliación e reforma administrativa.

No anexo defínese a categoría, situación, vinculación e financiamento do persoal (pendente da elaboración e aprobación da relación de postos de traballo da ACIS para adaptar a organización do seu persoal aos compromisos e criterios de eficacia, eficiencia e especialización funcional recollidos no Contrato Plurianual de Xestión).

6. POLÍTICA RETRIBUTIVA

Tal e como establece na propia lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA) no seu artigo 78, os conceptos retributivos do persoal funcionario serán os establecidos na normativa reguladora da Función Pública da Xunta de Galicia e dos orzamentos da Comunidade Autónoma. Por outra banda as condición retributivas do persoal laboral serán as determinadas no Convenio Colectivo de aplicación.

7. PROCEDEMENTO PARA A COBERTURA DOS HIPOTÉTICOS DÉFICITS

De producirse déficit derivado do incumprimento das estimacións de ingresos, este será corrixido, de acordo coas circunstancias e necesidades vixentes en cada momento, mediante a minoración dos créditos orzamentarios dos gastos da Axencia que esta considere máis axeitados de acordo coas súas necesidades de execución orzamentaria polo importe correspondente.

ANEXO I

PLAN ESTRATÉXICO

ANEXO I: PLAN ESTRATÉXICO (EIXOS, PLANS E ACCIÓNS)

EIXO 1. FORMACIÓN

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1: PROMOVER UN MODELO INTEGRAL DE XESTIÓN DA FORMACIÓN CONTINUADA DOS PROFESIONAIS QUE TRABALLAN NO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE DE GALICIA

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1: FORMACIÓN

Antecedentes e diagnóstico de situación

A calidade e a eficiencia do Sistema Público Galego de Saúde dependen directamente das competencias dos seus profesionais. O continuo perfeccionamento e a adquisición de novas habilidades son imprescindibles para manter e optimizar o excelente nivel dos servizos sanitarios.

Neste eido, a Axencia Galega de Coñecemento e Innovación en Saúde non só aglutina todas as competencias da antiga Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS), senón que busca dar un salto cualitativo a través da innovación aberta para mellorar a xestión e abrir novas vías na formación dos profesionais.

O seu campo de actuación comprende todas as etapas da formación dos profesionais sanitarios a partir da finalización dos estudos universitarios, dende as prácticas e a especialización ata a continua adquisición de coñecemento novo tanto para o exercicio asistencial como para as labores de investigación e innovación.

As modalidades formativas, sempre abertas á incorporación de novas fórmulas, abarcan todo tipo de canles, multitude de formatos e unha gran diversidade de fontes de coñecemento, co soporte documental necesario e un rigoroso sistema acreditador das actividades.

Formación continuada

A formación continuada dos profesionais do Sistema Público Galego de Saúde é unha prioridade para ACIS. A actualización permanente das competencias para a práctica sanitaria é imprescindible para acadar o noso obxectivo esencial: mellorar o coidado dos pacientes a través do coñecemento.

Os coñecementos e capacidades das/dos profesionais das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde determinan, en gran medida, a calidade dos servizos sanitarios dispensados aos usuarios.

Neste senso, a formación continua amósase como unha das ferramentas máis adecuadas para mellorar e adecuar, pola vía da capacitación das/dos profesionais, os servizos sanitarios ás demandas das/dos usuarias/os.

Os principios que rexen a xestión da formación continuada por parte da ACIS:

- Deseñar e renovar de maneira continuada unha oferta de actividades que acheguen valor aos profesionais de todas as áreas e especialidades a través de coñecemento aplicable á súa práctica diaria.

- Manter aberta con carácter permanente unha canle de comunicación cos profesionais para recoller as súas demandas de formación co obxectivo de que esta responda efectivamente ás súas necesidades.

- Mellorar a capacidade de todos os profesionais, independentemente das súas funcións, para a xestión, a adaptación e o liderado nos procesos de transformación que permiten que o sistema de saúde evolucione de forma áxil e efectivo.

- Incrementar a calidade e a competitividade do conxunto do sistema de saúde a través da mellora da produtividade e das competencias de cada un dos seus profesionais.

- Intensificar a motivación e o nivel de compromiso das persoas que traballan ao servizo do sistema sanitario.

Aliñamento co Plan Estratéxico de Galicia e coa Estratexia SERGAS 2020

O eixo estratéxico Formación alíñase coa prioridade (PA) e co obxectivo (OE) do **Plan Estratéxico de Galicia** 2015-2020 seguintes:

- PA.2.1: Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos hábitos de vida saudables.

  a) OE 2.1.02: Promover a atención integral adaptada ás necesidades dos e das pacientes, familiares e coidadores/as.

O envellecemento da poboación e a cronicidade das enfermidades obriga a cambiar o noso sistema. Cada vez temos pacientes máis maiores, de tal xeito que a porcentaxe de persoas por riba dos 65 anos xa alcanza na nosa comunidade o 23%, con máis enfermidades crónicas concomitantes. Preto de 800.000 teñen dúas ou máis enfermidades crónicas simultaneamente.

Para abordar con éxito dito obxectivo estratéxico, establecese como unha da principais liñas de actuación promover a formación dos profesionais co obxectivo de mellorar as súas capacidades para responder con efectividade e calidade aos retos do Sistema Sanitario Público de Galicia.

En canto á Estratexia SERGAS 2020, o eixo Formación alienase cos obxectivos do eixo estratéxico: “Atención integral adaptada ás necesidades dos pacientes, familiares e coidadores”; o cal inclúe a liña estratéxica 6: “Impulsar a xestión do coñecemento e a innovación” relativa a:

- Xestión do coñecemento: Traballarase baixo o prisma da aprendizaxe adaptativa, coa finalidade de permitir modificar os contidos e metodoloxías de formación ás necesidades de cada profesional e do sistema de saúde. Para iso, recollerase información sobre os hábitos de aprendizaxe, coñecementos, debilidades e fortalezas de cada profesional, para crear un plan de formación á medida, baseado na énfase nas áreas onde os profesionais teñen máis necesidades e adaptaranse á forma e ritmo de aprendizaxe de cada un, creando un camiño de ensino personalizado, diferenciado e adaptativo.

Complementariamente o plan do SERGAS inclúe o eixe estratéxico: “Profesionais comprometidos e coidados pola organización”, que contén a liña estratéxica 11: “Coidar os bos profesionais desde que entran na organización” relativa a:

- Centros de simulación para a formación: Aumentar a dispoñibilidade e accesibilidade aos centros de simulación para a formación dos profesionais do Servizo Galego de Saúde. Contamos cunha aula de simulación na ACIS e, grazas ao subproxecto de InnovaSaúde (IS-8), acondicionáronse e dotáronse dúas novas aulas de simulación nos hospitais de Lugo e Vigo. O proxecto ten por obxectivo optimizar o uso de todos estes recursos e poñelos á disposición dos profesionais para mellorar a súa capacitación. Ademais, unificaranse baixo un modelo de colaboración e xestión coordinada, outros recursos similares do contorno SERGAS, sempre coa filosofía de sumar iniciativas e fomentar a visibilidade de Galicia neste ámbito.

Preténdese no cadro desta Estratexia, promover a actualización de coñecementos e competencias e a mellora da cualificación dos profesionais a través de programas de formación continua.

No ámbito da formación continuada das profesións sanitarias, articularanse, actuacións e intervencións nas seguintes áreas:

- Elaborar un Plan de Formación Continuada orientado tanto ás necesidades estratéxicas da organización como ás demandas dos profesionais, que permita adaptar e mellorar as súas competencias.

- Favorecer as novas contornas de aprendizaxe e potenciar as novas metodoloxías docentes, aproveitando os Tics: contornas virtuais, teleformación e simulación médica. Desenvolver a Rede de Capacitación Sanitaria de Galicia.

- Recoñecer as actividades docentes e discentes de formación.

Obxectivo Estratéxico e Obxectivos Operativos

O “Eixo 1: FORMACIÓN” desenvólvese a través do “Obxectivo Estratéxico 1: FORMACIÓN” con tres Obxectivos Operativos. Estes obxectivos engloban as actuacións dirixidas a promover un modelo integral de xestión da formación continuada para acadar unha formación de excelencia orientada as necesidades do sistema.

Obxectivo operativo 1.1: Promover un plan de formación continuada adaptado ás necesidades dos profesionais.

Este obxectivo se dirixe a desenvolver un modelo para promover un sistema de xestión da formación continuada, flexible, dinámico adaptado ás necesidades cambiantes da nosa

organización.

Na actualidade a formación continuada se estrutura en dous plans. Por unha banda, o Plan Estratéxico de Formación (PEF), no que se inclúen as actividades docentes á iniciativa dos distintos centros directivos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e, por outra banda, o Plan de Formación Continuada do persoal ao servizo do Servizo Galego de Saúde (AFEDAP) consensuado, a través da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, coas organizacións sindicais asinantes do acordo de formación continuada e que da resposta ás necesidades dos profesionais.

Neste sentido, o noso sistema sanitario está a sufrir grandes transformacións como consecuencia do cambio de modelo asistencial (envellecemento da poboación e cronicidade das patoloxías), feito que require dun cambio da formación continuada a un novo contexto. É vital, traballar en detectar e adiantarse ás necesidades do noso sistema para transferir e planificar unha formación, non só de alta calidade, senón tamén axustada ao modelo do novo paciente.

Fíxanse para o Obxectivo Operativo 1.1 os resultados esperados que se reflicten na seguinte táboa para o ano 2021.

ACCIÓN	INDICADOR/RESULTADO	V[1]	C[1]
1.1.1 Enquisa online anual de detección de necesidades de formación.	- Entrevistas a realizar a mandos intermedios (Nº). - Enquisas a realizar de detección de necesidades a cubrir polos profesionais (Nº). - Propostas a incorporar no plan de formación (Nº). - Necesidades a cubrir (%). - Execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa (%).	200 > 3.500 12 25% (*) 90%	100%
1.1.2 Promover unha formación acreditada de calidade.	- Solicitudes de acreditación a presentar anualmente (Nº). - -Redución de incidencias, (atrasos en resolucións) (Nº). - Expedientes a tramitar (Nº). - Execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa (%).	1.800 100 (*) 1.600 90%	100%

V[1]: Valor do indicador meta no ano 2021.
C[1]: Grado de cumprimento esperado.
(*) Valor da anualidade.

Accións de desenvolvemento do O.O. 1.1

ACCIÓN 1.1.1	ENQUISA ONLINE ANUAL DE DETECCIÓN DE NECESIDADES DE FORMACIÓN		
Descrición	A última enquisa de necesidades formativas realizada data do ano 2003 "As necesidades de formación do persoal sanitario de administración sanitaria e non sanitario ó servicio da sanidade pública galega", editada por FEGAS. https://extranet.sergas.es/catpb/Docs/cas/Publicaciones/Docs/ContidosDiversos/PDF14-17.pdf. Elaboración dunha enquisa online de detección anual de necesidades formativas dos profesionais do Sistema Público de Saúde de Galicia. Realización de entrevistas a mandos intermedios sobre as necesidades dos servizos. Avaliación posterior dos datos recollidos, na enquisas coma nas entrevistas, e planificación docente anual.		
Reto	Deseño anual do plan de formación en base as necesidades reais dos profesionais.		
Responsable/es	Xefe/a de Servizo de innovación formativa.		
Cronograma		**2021**	
		1er S	2º S
		☑	☑
Duración	A enquisa de necesidades estará a disposición de todos os profesionais do sistema no primeiro semestre do ano lectivo.		

Tarefas da acción (programación)	**2021**	
	1er S	2º S
1.Deseño da enquisa de detección de necesidades formativas e da entrevista.	☑	
2.Validación das enquisas cos delegados de formación ACIS nas EOXIs.	☑	
3.Deseño do formulario online e despregue das entrevistas.	☑	
4.Avaliación e análise de resultados das enquisas e das entrevistas.		☑
5.Difusión de resultados e deseño do plan formativo en base as necesidades demandadas.		☑

Indicadores/Resultados esperados[1]	**2021**
• Nº de entrevistas a realizar a mandos intermedios.	200
• Nº de enquisas a realizar de detección de necesidades a cubrir polos profesionais.	> 3.500
• Nº de propostas a incorporar no plan de formación.	12
• % de necesidades a cubrir.	25,00%
• % de execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa.	90%

Recursos	**2021**
A. Materiais	Enquisa online de necesidades. Entrevistas presenciais. Sistema de tratamento da información.
B. Humanos	5 (*)
C. Económicos	**66.087,71 €**

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

(*) 1 Técnico/a Superior: 50% da súa xornada anual, nos meses de setembro-decembro.
1 Director/a de área: 5% do seu tempo.
1 Xefe/a de Servizo de Innovación Formativa: 15% do seu tempo.
2 Auxiliares administrativos/as: 15% da súa xornada anual, nos meses de setembro-decembro.
Realización de entrevistas presenciais a mandos intermedios por parte dos Delegados de Formación de ACIS nas sete Áreas.
O obxectivo perseguido é adecuar o plan formativo ás necesidades dos profesionais e da organización. É necesario analizar o grao de evolución e incorporación de propostas concretas dos profesionais nos plans formativos anuais.
Os resultados esperados mediranse empregando os sistemas de información interna de ACIS (bases de datos de xestión de formación), na que se analizará a incorporación de novas propostas.

ACCIÓN 1.1.2	PROMOVER UNHA FORMACIÓN ACREDITADA DE CALIDADE		
Descrición	A formación continuada dos profesionais sanitarios está suxeita a un rigoroso sistema acreditador que lles afecta a todas as actividades deste tipo e aos provedores que as imparten. En Galicia, a súa xestión correspóndelle á Consellería de Sanidade e a Secretaría Técnica está a cargo de ACIS que se encarga da tramitación, revisión e aprobación das acreditacións dos formadores. A acreditación, que deberá realizarse conforme aos requisitos, procedementos e criterios establecidos, terá efectos en todo o territorio nacional, sexa cal sexa a administración pública que expida a acreditación.		
Reto	Manter e mellorar os niveis de calidade e esixencia da formación continuada		
Responsable/es	Director/a dá Área de Coñecemento, Xefe/a de Servizo de Innovación Formativa, Xefe/a de Servizo de Docencia.		
		2021	
Cronograma		1er S	2º S
		☑	☑
Duración	Esta acción ten carácter continuo ao longo do período de planificación.		
Tarefas da acción (programación)		**2021**	
		1er S	2º S
1. Recepción de expedientes no SAGA.		☑	☑
2. Alta de novos promotores en SAGA.		☑	☑
3. Revisión da documentación (solicitude de información pendente) e asignación de avaliadores.		☑	☑
4. Convocatoria de Comisións Técnicas.		☑	☑
5. Concesión e tramitación de créditos.		☑	☑
Indicadores/Resultados esperados[1]		**2021**	
• Nº de solicitudes de acreditación a presentar anualmente.		1800	
• % de redución de incidencias (atrasos en resolucións).		100	
• Nº de expedientes a tramitar.		1600	
• % de execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa.		90%	
Recursos		**2021**	
A. Materiais		Ferramenta de Xestión das acreditacións SAGA	
B. Humanos		4 (*)	
C. Económicos		**209.767,79 €**	

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

(*) 3 Administrativos/as: 100% da súa xornada anual.
1 Xefe/a de Servizo do equipo do Servizo de Docencia: 40% da súa xornada anual.

Obxectivo operativo 1.2: Transformar o coñecemento para favorecer novas contornas de aprendizaxe e potenciar novas metodoloxías docentes.

As organizacións públicas ou privadas complexas fundamentan a súa actividade na utilización intensa e extensa do coñecemento. Con todo, con carácter xeral, ditas

organizacións, carecen dun enfoque comprensivo e integral da xestión dese coñecemento que se xera no seu interior, de maneira que a ausencia de interconexión entre os seus profesionais e a dispersión do coñecemento é a consecuencia. É así que, a xestión do coñecemento, e da comunicación e a colaboración entre os profesionais dentro da organización, deben ser elementos inseparables da actividade diaria, ferramentas imprescindibles para o logro dos obxectivos estratéxicos dunha organización, e, tamén, vía de transformación e modernización.

A utilización das modernas ferramentas e tecnoloxías da información e comunicación, de plataformas e estándares, das redes sociais profesionais, novas tendencias de disrupción formativa, de recursos multimedia e dos contidos adecuados a calquera sector complexo e dinámico, deben facer posible o cambio cara a un modelo institucional, centrado nos profesionais e co obxectivo da transmisión efectiva e eficiente do coñecemento, a interconexión das capacidades de todos os profesionais e a xeración de valor para a organización, os profesionais e os usuarios.

Na actualidade a evolución do mundo analóxico ao mundo dixital xerou novos procesos de investigación, novas ferramentas de difusión e un amplo abanico de oportunidades para a xeración do coñecemento.

O reto ao que se enfrontan as organizacións do futuro é a planificación estratéxica da formación e do coñecemento en base a competencias, así como a detección temperá do talento existente dentro da propia organización e a armonización da produción científica e investigadora.

Fíxanse para o Obxectivo Operativo 1.2 os resultados esperados que se reflicten na seguinte táboa para o período de vixencia do Contrato Plurianual de Xestión:

ACCIÓN	INDICADOR	V[1]	C[1]
1.2.1 Implantar unha nova plataforma tecnolóxica de xestión do coñecemento.	- Profesionais a implicar na validación da plataforma (Nº). - Ter implantada a Plataforma operativa (Si/Non). - Grao de implantación (%). - Execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa (%).	200 Si (*) 50% 90%	
1.2.2 Deseñar un plan integral de formación en simulación, en horario laboral, que provoque un troco no xeito actual de entender	- Inicio do desenvolvemento do programa formativo Red Casa na poboación diana.	- (*)	100%

ACCIÓN	INDICADOR	V[1]	C[1]
a actuación competencial dos profesionais do sector saúde.	- Implantación do proxecto (%). - Mellora dos indicadores de impacto asistencial asociados ao proxecto (%). - Grao de implantación (%). - Execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa (%).	75% 3% 75% 90%	
1.2.3 Deseñar e desenvolver dúas solucións formativas co uso da realidade virtual e realidade aumentada.	- Profesionais e pacientes a implicar na validación da plataforma (Nº). - Ter implantada a solución formativa operativa (Si/Non). - Grao de implantación (%). - Execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa (%).	30 Si (2020e 2021) 100% 90%	100%

V1: Valor do indicador meta no ano 2021.
C1: Grado de cumprimento esperado.
(*) A realizar en anos posteriores a 2021

Accións de desenvolvemento do O.O. 1.2

ACCIÓN 1.2.1	IMPLANTAR UNHA NOVA PLATAFORMA TECNOLÓXICA DE XESTIÓN DO COÑECEMENTO	
Descrición	CODIGO 100 é un plan de innovación centrado no envellecemento, unha das máximas prioridades da nosa comunidade. Os procedementos de compra pública innovadora, terán un papel fundamental, e axudarannos a seguir construíndo un sistema sanitario capacitado para liderar o envellecemento activo e saudable. Este plan conta cun orzamento de 13 millóns de co-financiados por fondos do Plan Operativo de Crecemento Intelixente FEDER 2014-2020. Unha das liñas de CODIGO 100, busca potenciar iniciativas que incrementen as competencias dos profesionais, modernicen o sistema e fomenten unha cultura innovadora. No cadro de esta acción se construirá unha plataforma tecnolóxica integral que permita, canalizar, dinamizar e diseminar o coñecemento e xestión de profesionais en base a competencias, personalizar a súa formación e ao mesmo tempo xestionar o talento sanitario dende o punto de vista organizativo e de recursos humanos. Isto permitirá optimizar e aproveitar ao máximo, a través de ferramentas innovadoras, a experiencia e o coñecemento adquiridos polos profesionais no desempeño das súas funcións. A liña aposta por unha organización intelixente e sólida baseada na calidade, o talento e a cohesión do seu equipo humano.	
Reto	Desenvolver unha plataforma tecnolóxica que transforme o coñecemento tácito actual nun coñecemento explícito e accesible.	
Responsable/es	Director/a dá Área de Coñecemento, Xefe/a de Servizo de Innovación Formativa, Xefe/a de Servizo de Docencia, Equipo do Servizo de Innovación Formativa.	
Cronograma	**2021** 1er S ☑	2º S ☑
Duración	O desenvolvemento da plataforma se levará a cabo ao longo do ano 2021 e Implementarase un desenvolvemento modular da nova aplicación que permitirá testar o seu valor coa axuda de profesionais sanitarios e non sanitarios. As tarefas de avaliación terán continuación ao longo dos vindeiros anos coa implantación da mesma.	

ACCIÓN 1.2.1	IMPLANTAR UNHA NOVA PLATAFORMA TECNOLÓXICA DE XESTIÓN DO COÑECEMENTO	
Tarefas da acción (programación)	**2021**	
	1er S	2º S
4.FASE IV: Demostración e Avaliación.	☑	
5.FASE V: Servizo de mantemento correctivo, adaptativo e evolutivo.	☑	☑
Indicadores/Resultados esperados[1]	**2021**	
• Nº de profesionais a implicar na validación da plataforma.	200	
• Ter implantada a Plataforma operativa (Si/Non).	Si	
• Grao de implantación.	50,00%	
• % de execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa.	90%	
Recursos	**2021**	
A. Materiais	Soporte informático, material de seguimento de proxectos	
B. Humanos	8 (*)	
C. Económicos	**493.588,01 €**	

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

(*) 1 Técnico/a Superior: 42% da súa xornada anual.
1 Director/a de Área: 15% da súa xornada anual.
1 Xefe/a de Servizo de Innovación Formativa: 30% da súa xornada anual.
5 Auxiliares administrativos/as: 100% da súa xornada anual.

ACCIÓN 1.2.2	DESEÑAR UN PLAN INTEGRAL DE FORMACIÓN EN SIMULACIÓN, EN HORARIO LABORAL, QUE PROVOQUE UN TROCO NO XEITO ACTUAL DE ENTENDER A ACTUACIÓN COMPETENCIAL DOS PROFESIONAIS DO SECTOR SAÚDE	
Descrición	Son obxectivos estratéxicos do Sergas garantir a prestación de servizos non lugar e momento adecuados, cos niveis de calidade e seguridade comprometidos xestionar os recursos de forma responsable e eficiente; ademais de favorecer as novos contornas de aprendizaxe e potenciar as novas metodoloxías docentes, nas que se encontra a simulación médica. Ou longo dous últimos anos, despregouse unha clara aposta pola simulación médica avanzada como metodoloxía clave de capacitación e actualización de competencias a nivel institucional. Neste intre o Sergas dispón de centros de Simulación Médica situados na Area da Coruña, Area de Ferrol, Area de Lugo, Area de Vigo e na sede de ACIS en Santiago de Compostela. Esta acción consiste na implementación dun plan de actualización de competencias en horario de traballo, que posibiliten avaliar o impacto da formación e a mellora de indicadores de saúde. O foco da acción xira arredor do adestramento *"in situ"* para á asistencia a emerxencia prehospitalaria e a poboación diana a que está dirixida a acción son os profesionais sanitarios de Centros de Atención Primaria e Puntos de Atención Continuada (PACs), situados fora da cobertura de Ambulancia Asistencial de Soporte Vital Avanzado da Fundación Pública Urxencias Sanitarias 061. O número total aproximado é de 5.170 profesionais.	
Reto	Deseñar un plan integral de formación en simulación, en horario laboral, que provoque un troco no xeito actual de entender a actuación competencial dos profesionais do sector saúde.	
Responsable/es	Director/a da Área de Coñecemento, Xefe/a de Servizo de Innovación Formativa, Equipo Servizo Innovación Formativa, Coordinador/a da REDE e Coordinadores/as Areas.	
Cronograma	**2021**	
	1er S	2º S
	☑	☑
Duración	A acción ten carácter continuo ao longo do período de planificación.	

ACCIÓN 1.2.2	DESEÑAR UN PLAN INTEGRAL DE FORMACIÓN EN SIMULACIÓN, EN HORARIO LABORAL, QUE PROVOQUE UN TROCO NO XEITO ACTUAL DE ENTENDER A ACTUACIÓN COMPETENCIAL DOS PROFESIONAIS DO SECTOR SAÚDE	
Tarefas da acción (programación)	**2021**	
	1er S	2º S
1.Características xerais do proxecto (*)	☑	
2.Definición da Estratexia de despregamento (**)	☑	☑
Indicadores/Resultados esperados[1]	**2021**	
• Inicio do desenvolvemento do programa formativo Red Casa na poboación diana		
• % de implantación do proxecto	75,00%	
• Mellora dos indicadores de impacto asistencial asociados ao proxecto	3,00%	
• Grao de implantación	75,00%	
• % de execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa	90%	
Recursos	**2021**	
A. Materiais	Plataforma tecnolóxica CESIM. Tablets Android para a xestión dos rexistros do adestramento. 8 equipos, simulador adulto	
B. Humanos	10 (***)	
C. Económicos	**46.289,31 €**	

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

(*) Baseado na seguridade do paciente. Adestramento do 100% do persoal sanitario, no lugar de traballo e durante o tempo de traballo. Temática: urxencia e emerxencia. Filosofía: mellor formar pouco a todos que moito a uns poucos. Deseño de Poboación diana: Atención primaria e PACs. Priorización de centros: Centros fóra de isócrona de UVI móbil agrupando aos profesionais en Centros cabeceira de comarca.

(**) Soporte tecnolóxico da formación: plataforma de avaliación e análise competitiva do adestramento sanitario desenvolvido baixo o paraugas de Innova Saúde: CESIM. Instrutores: Todos aqueles voluntarios formados polo menos en soporte vital. Aconséllase agrupar as actividades de maneira que a cada unha poida acudir un instrutor máis experimentado con outro menos experimentado. Areas (tarefas): crear edicións en CESIM e matricular aos participantes. Seleccionar e xestionar instrutores. Seguimento de resultados. Incluír a participación nos ADX dos profesionais. Planificar e calendarizar as actividades.

(***) 1 Director/a de Área: 10% da súa xornada anual
1 Xefe/a de Servizo de Innovación Formativa: 20% da súa xornada anual
1 Coordinador/a do Programa: 20% do seu tempo. Persoal externo
7 Responsables do Proxecto nas Areas: 10 % do seu tempo. Persoal externo

ACCIÓN 1.2.3	DESEÑAR E DESENVOLVER DÚAS SOLUCIÓNS FORMATIVAS CO USO DA REALIDADE VIRTUAL E REALIDADE AUMENTADA
Descrición	CODIGO 100 é un plan de innovación centrado no envellecemento, unha das máximas prioridades da nosa comunidade. Os procedementos de compra pública innovadora, terán un papel fundamental, e axudarannos a seguir construíndo un sistema sanitario capacitado para liderar o envellecemento activo e saudable. Este plan conta cun orzamento de 13 millóns de co-financiados por fondos do Plan Operativo de Crecemento Intelixente FEDER 2014-2020. Unha das liñas de CODIGO 100, busca potenciar iniciativas que incrementen as competencias dos profesionais, modernicen o sistema e fomenten unha cultura innovadora. No cadro de esta acción se construirá dúas solucións formativas co uso da realidade virtual e realidade aumentada. 1. Deseñar e desenvolver unha solución innovadora, con triple saída (web,

ACCIÓN 1.2.3	DESEÑAR E DESENVOLVER DÚAS SOLUCIÓNS FORMATIVAS CO USO DA REALIDADE VIRTUAL E REALIDADE AUMENTADA
	escritorio e APP) e multi-idioma, baseada en tecnoloxías virtuais, que permita debullar e case experimentar as sensacións que se ten ao sufrir os síntomas dun ictus. Esta solución innovadora irá destinada a un dobre target (Modo Cidadanía e Modo Profesionais). 2. Deseñar e desenvolver unha solución innovadora, con tripla saída (web, escritorio e APP) e multi-idioma, baseada en tecnoloxía de realidade virtual, que permita formar e adestrar a correcta forma de respiración nos tratamentos de radioterapia e probas de imaxe, para que a zona tratada estea o máis inmobilizada posible, de maneira que o diámetro de irradiación (no caso da radioterapia) póidase circunscribir unicamente ás células danadas pola enfermidade, e que o labor de análise (no caso das probas de imaxe) por parte do profesional resulte facilitada ao evitarse distorsións nas devanditas imaxes .
Reto	Desenvolver dúas solucións formativas innovadoras que permitan á cidadanía recoñecer os síntomas do ICTUS e aos pacientes de radioterapia adestrar a respiración nos tratamentos de radioterapia.
Responsable/es	Director/a dá Área de Coñecemento, Xefe/a de Servizo de Innovación Formativa, Equipo do Servizo de Innovación Formativa.
Cronograma	**2021** 1er S: ☑ · 2º S: ☑
Duración	O desenvolvemento da plataforma levarase a cabo ao longo do ano 2021. Implementarase un desenvolvemento modular da nova aplicación que permitirá testar o seu valor coa axuda de profesionais e pacientes. As tarefas de avaliación terán continuidade ao longo dos vindeiros anos coa implantación da mesma.

Tarefas da acción (programación)	**2021** 1er S	2º S
1. FASE I: Análise e Definición Funcional e Técnica do sistema		
2. FASE II: Desenvolvemento dun prototipo da solución.	☑	
3. FASE III: Desenvolvemento completo e posta en marcha da solución.		☑
4. FASE IV: Demostración e Avaliación.		☑
5. FASE V: Servizo de mantemento correctivo, adaptativo e evolutivo.		

Indicadores/Resultados esperados[1]	**2021**
• Nº de profesionais e pacientes a implicar na validación da plataforma	30
• Ter implantada a solución formativa operativa (Si/Non)	-
• Grao de implantación	15%
• % de execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa	90%

Recursos	**2021**
A. Materiais	Soporte informático, material de seguimento de proxectos
B. Humanos	6 (*)
C. Económicos	**421.269,20 €**

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

(*) 1 Técnico/a Superior: 41% da súa xornada anual.
1 Director/a de Área: 10% da súa xornada anual.
1 Xefe/a de Servizo de Innovación Formativa: 20% da súa xornada anual.
3 Auxiliares administrativos/as: 100% da súa xornada anual.

Obxectivo operativo 1.3: Facilitar sinerxías e colaboracións

Faise necesario fixar sinerxías e puntos de encontro con outras institucións ou organismos líderes na xestión de proxectos de innovación formativa. Hoxe se require ter unha visión ampla e mirar a outros sectores que nos permitan ver desde outras perspectivas puntos de mellora e outros enfoques que implementar no sector da Saúde. Para iso promoveranse que permitan:

1. Facilitar a participación de referentes galegos

2. para mellorar o impacto das accións e proxectos no campo da xestión do coñecemento sanitario.

3. Aportar valor ao sistema sumando puntos de vista complementarios e aliados estratéxicos para o sector saúde, na xestión de proxectos formativos.

Fíxanse para o Obxectivo Operativo 1.3 os resultados esperados que se reflicten na seguinte táboa para o ano 2021:

ACCIÓN	INDICADOR	V[1]	C[1]
1.3.1 Xestión dun plan de colaboracións externas.	- Novas liñas formativas a determinar (Nº).	2	
	- Fondos a captar (€).	40.000 €	
	- Acordos de colaboración a asinar (Nº).	3	
	- Proxectos a realizar (Nº).	3	100%
	- Execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa (%).	90%	

V[1]: Valor do indicador meta no ano 2021.
C[1]: Grado de cumprimento esperado.

Accións de desenvolvemento do O.O. 1.3

ACCIÓN 1.3.1	XESTIÓN DUN PLAN DE COLABORACIÓNS EXTERNAS
Descrición	Nun mundo global requírense solucións globais, e isto pasa por implementar as melloras prácticas docentes e de xestión de coñecemento doutros ámbitos (universidade, fundacións, empresas, industria farmacéutica). Só se somos capaces de xerar ecosistema e sinerxías con axentes líderes na transformación da xestión do coñecemento, seremos capaces de adaptarnos á fenda dixital. Polo tanto, é necesario elaborar un plan de xestión de colaboracións formativas con axentes que axuden internamente a desenvolver e mellorar a excelencia da formación dos nosos profesionais.
Reto	Promover un plan de xestión de contactos e proxectos con colaboradores externos.

ACCIÓN 1.3.1	XESTIÓN DUN PLAN DE COLABORACIÓNS EXTERNAS	
Responsable/es	Director/a dá Área de Coñecemento, Xefe/a de Servizo de Innovación Formativa, Xefe/a de Servizo de Docencia.	
Cronograma	**2021** 1er S ☑	2º S ☑
Duración	A acción ten unha duración continua ao longo dos anos.	

Tarefas da acción (programación)	**2021** 1er S	2º S
3.FASE III: Selección de proxectos.	☑	☑
4.FASE IV: Execución de proxectos.	☑	☑

Indicadores/Resultados esperados[1]	**2021**
• Nº de novas liñas formativas a determinar.	2
• Fondos a captar.	40.000,00 €
• Nº de acordos de colaboración a asinar.	3
• Nº de proxectos a realizar.	3
• % de execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa.	90%

Recursos	**2021**
A. Materiais	Salas de reunións, ferramentas de deseño de contidos innovadores.
B. Humanos	6 (*)
C. Económicos	**199.920,03 €**

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

(*) 1 Director/a de Área: 10% do seu tempo.
1 Xefe/a de Servizo de Innovación Formativa: 15% do seu tempo.
4 Auxiliares administrativos/as: 35% da súa xornada anual.

EIXO 2. DOCENCIA

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2: POÑER EN VALOR O SISTEMA DE FORMACIÓN SANITARIA ESPECIALIZADA NO SERGAS

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2: COORDINACIÓN DUN MODELO INTEGRAL DE XESTIÓN DA FORMACIÓN SANITARIA ESPECIALIZADA NO SERGAS

Antecedentes e diagnóstico de situación

A formación sanitaria especializada en ciencias da saúde ten carácter regulado e oficial. O seu obxectivo é dotar aos profesionais sanitarios dos coñecementos, técnicas e habilidades propios da especialidade que elixiran, garantindo unha elevada calidade asistencial e unha atención ao usuario integral e eficiente.

Os programas formativos de especialistas en Ciencias da Saúde son elaborados pola Comisión Nacional da especialidade correspondente e aprobados polo Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad. Neles establécense os obxectivos e as competencias a adquirir polo especialista en formación a través dos cursos contemplados no programa. A convocatoria para o acceso a prazas de formación sanitaria especializada é realizada con carácter anual polo Ministerio. Este departamento tamén establece e centraliza os procedementos que regulan a realización de estadías formativas para profesionais ou especialistas en formación que desenvolvan a súa actividade no estranxeiro, así como o coñecemento de títulos de especialistas estranxeiros, tanto europeos como extracomunitarios.

Por outra parte, a formación sanitaria especializada desenvólvese en centros e unidades acreditadas para o efecto. O proceso de acreditación de centros, unidades e dispositivos docentes iníciase na Consellería de Sanidade que, unha vez validou a documentación presentada, envíaa para a súa tramitación ao Ministerio.

Neste proceso correspóndelle a ACIS a promoción, coordinación e autorización da formación regulada universitaria e especializada.

Aliñamento co Plan Estratéxico de Galicia e coa Estratexia SERGAS 2020

O eixo estratéxico Formación alíñase coa prioridade (PA) e co obxectivo (OE) do **Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020** seguintes:

- PA.2.1: Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos hábitos de vida saudables.

  a. OE 2.1.02: Promover a atención integral adaptada ás necesidades dos e das pacientes, familiares e coidadores/as.

  O envellecemento da poboación e a cronicidade das enfermidades obriga a cambiar o noso sistema. Cada vez temos pacientes máis maiores, de tal xeito que a porcentaxe de persoas por riba dos 65 anos xa alcanza na nosa comunidade o 23%, con máis enfermidades crónicas concomitantes. Preto de 800.000 teñen dúas ou máis enfermidades crónicas simultaneamente.

  Para abordar con éxito dito obxectivo estratéxico, establecese como unha da principais liñas de actuación promover a formación dos profesionais co obxectivo de mellorar as súas capacidades para responder con efectividade e calidade aos retos do Sistema Sanitario Público de Galicia.

En canto a **Estratexia SERGAS 2020**, o eixo Docencia alinease cos obxectivos do eixo **e**stratéxico: "Atención integral adaptada ás necesidades dos pacientes, familiares e coidadores"; o cal inclúe a liña estratéxica 6: "Impulsar a xestión do coñecemento e a innovación".

Obxectivo Estratéxico e Obxectivos Operativos

O "Eixo 2 DOCENCIA" se desenvolve a través do "Obxectivo Estratéxico 2: COORDINACIÓN DUN MODELO INTEGRAL DE XESTIÓN DA FORMACIÓN SANITARIA ESPECIALIZADA NO SERGAS" cun único Obxectivo Operativo centrado na promoción dunha estrutura docente de calidade.

Obxectivo Operativo 2.1: Promover unha estrutura docente de calidade.

A formación dos profesionais sanitarios constitúe un alicerce básico no desenvolvemento

do sistema sanitario; dentro dela, a formación sanitaria especializada adquiriu unha singular importancia na súa consolidación e calidade.

A formación de especialistas en Ciencias da Saúde constitúe un obxectivo prioritario da Administración Sanitaria, estatal e autonómica, que debe velar pola súa consecución mediante o establecemento das medidas e os mecanismos que sexan necesarios, garantindo as estruturas docentes idóneas para o proceso de aprendizaxe dos especialistas en formación ou residentes.

Os residentes constitúen o centro do sistema de formación sanitaria especializada e a finalidade é que poidan alcanzar o nivel óptimo de coñecementos, aptitudes e actitudes profesionais, en aras dunha mellora continua na atención sanitaria aos cidadáns.

O sistema de formación especializada mediante residencia implica para os especialistas en formación o desenvolvemento das actividades previstas no programa de formación correspondente á especialidade de que se trate, de forma tutelada e suxeita ás avaliacións que se determinen regulamentariamente.

Por tanto, a Administración Sanitaria debe favorecer que os profesionais que exercen como titores melloren as súas competencias, realizando actividades de formación continua sobre aspectos tales como os relacionados co coñecemento e a aprendizaxe de métodos educativos, técnicas de comunicación, metodoloxía da investigación, xestión de calidade, motivación, aspectos éticos ou temas relacionados cos contidos do programa formativo.

A Lei 44/2003, de 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, establece un marco legal e competencial en todo o referente ao desenvolvemento das profesións sanitarias e define o obxecto da formación especializada como a tarefa de dotar aos profesionais da saúde dos coñecementos, as técnicas, as habilidades e as actitudes propios da correspondente especialidade, de forma simultánea á progresiva asunción pola persoa en formación da responsabilidade inherente ao exercicio autónomo da mesma.

Considera ás comisións de docencia órganos esenciais do devandito sistema formativo, atribuíndolles no seu artigo 27 as funcións de organización e supervisión do mesmo, así como as relativas a facilitar a integración das actividades formativas e dos residentes coa actividade asistencial e ordinaria dos centros nos que se están formando, en coordinación cos órganos de dirección destes.

Fíxanse para o Obxectivo Operativo 2.1 os resultados esperados que se reflicten na seguinte táboa para o ano 2021:

ACCIÓN	INDICADOR	V[1]	C[1]
2.1.1 Coordinación e impulso da Rede de Comisións de Docencia de Galicia (REDEGA).	- Crear imaxe de marca e actualizar contidos portal web de REDEGA. - Accións de difusión de REDEGA a organizar (Nº). - Reunións da Xunta Permanente e o Pleno de REDEGA a celebrar (Promover reunións non obrigatorias para xerar novos proxectos) (Nº). - Grupos de traballo que estarán activos no seo de REDEGA (Nº). - Execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa (%).	Actualización 2 2 3 90%	100%
2.1.2 Desenvolvemento do marco legal de coordinación da formación sanitaria especializada.	- Reunións de consenso a celebrar (Nº). - Aprobación do borrador do decreto no marco de REDEGA (Si/Non). - Consenso e aprobación do borrador cos outros axentes do ámbito sanitario (Si/Non). - Aprobación e publicación do Decreto no DOG (Data). - Execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa (%).	- - - Si 90%	100%

V[1]: Valor do indicador meta no ano 2021.
C[1]: Grao de cumprimento esperado.
(*) Establecido para o ano 2021.

Accións de desenvolvemento do O.O. 2.1

ACCIÓN 2.1.1	COORDINACIÓN E IMPULSO DA REDE DE COMISIÓNS DE DOCENCIA DE GALICIA (REDEGA)	
Descrición	REDEGA constitúese co obxectivo de agrupar e coordinar as actuacións de organismos e persoas dedicadas á formación sanitaria especializada, fundamentalmente as Comisións de Docencia, os responsables docentes, titores e/ou persoal docente involucrado na formación especializada. ACIS exerce a Secretaría Técnica de REDEGA. Potenciar e dinamizar o funcionamento da rede como elemento clave da Formación Sanitaria Especializada.	
Reto	Promover e impulsar todas aquelas actividades destinadas a mellorar a formación de especialistas en ciencias da saúde, a través da mellora da metodoloxía formativa, partindo para iso das iniciativas das Comisións de Docencia.	
Responsable/es	Director/a da Área de Coñecemento, Xefe/a de Servizo de Docencia.	
Cronograma	**2021** 1er S ☑	 2º S ☑
Duración	Para conseguir este obxectivo, traballarase ao longo dos catro anos con REDEGA.	

ACCIÓN 2.1.1	COORDINACIÓN E IMPULSO DA REDE DE COMISIÓNS DE DOCENCIA DE GALICIA (REDEGA)

Tarefas da acción (programación)	2021	
	1er S	2º S
1.FASE I: Convocatoria de reunións.	☑	☑
2.FASE II: Xestión de actas e seguimento de tarefas.	☑	☑
3.FASE III: Control de grupos de traballo.		☑
4.FASE IV: Implantación de resultados.		☑

Indicadores/Resultados esperados[1]	2021
• Crear imaxe de marca e actualizar contidos portal web de REDEGA.	Actualización
• Nº de accións de difusión de REDEGA a organizar.	2
• Nº de reunións da Xunta Permanente e o Pleno de REDEGA a celebrar (Promover reunións non obrigatorias para xerar novos proxectos).	2
• Nº de grupos de traballo que estarán activos no seo de REDEGA.	3
• % de execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa.	90%

Recursos	2021
A. Materiais	Salas de reunións
B. Humanos	5 (*)
C. Económicos	**64.029,44 €**

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

(*) 1 Director/a de Área: 25% da súa xornada anual
1 Xefe/a de Servizo de Docencia: 20% da súa xornada anual
2 Auxiliares administrativos/as: 20% da súa xornada anual.
1 Técnico : 40% da súa xornada anual

ACCIÓN 2.1.2	DESENVOLVEMENTO DO MARCO LEGAL DE COORDINACIÓN DA FORMACIÓN SANITARIA ESPECIALIZADA
Descrición	Requírese despregar un marco legal que constrúa as bases do sistema de formación sanitaria especializada. Este paso, do mesmo xeito que xa realizaron previamente outras CCAA, sentará as bases para apuntalar un sistema docente de alta calidade.
Reto	Regular a través dun decreto a ordenación do sistema de formación sanitaria especializada no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa normativa básica estatal pola que se determinan e clasifican as especialidades en Ciencias da Saúde e se desenvolven determinados aspectos do sistema de formación sanitaria especializada.
Responsable/es	Director/a dá Área de Coñecemento, Xefe/a de Servizo de Docencia, Persoal do Servizo de Docencia e membros de REDEGA.

	2021	
Cronograma	1er S	2º S
	☑	☑

Duración	O desenvolvemento do marco legal iniciarase no ano 2018 e estimamos que finalizará no 2021, sempre en función da resposta dos diversos actores vinculados na súa tramitación.

Tarefas da acción (programación)	2021	
	1er S	2º S

ACCIÓN 2.1.2	DESENVOLVEMENTO DO MARCO LEGAL DE COORDINACIÓN DA FORMACIÓN SANITARIA ESPECIALIZADA	
1.FASE I: Reunións de consenso creación de borrador. 2.FASE II: Reunións de consenso con axentes implicados. 3.FASE III: Seguimento de trámites. 4.FASE IV: Publicación.		☑
Indicadores/Resultados esperados[1]		**2021**
• Nº de reunións de consenso a celebrar.		
• Aprobación do borrador do decreto no marco de REDEGA.		
• Consenso e aprobación do borrador cos outros axentes do ámbito sanitario.		
• Aprobación e publicación do Decreto no DOG.		Si
• % de execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa.		90%
Recursos		**2021**
A. Materiais		Salas de reunións, documentación
B. Humanos		5 (*)
C. Económicos		**98.120,53 €**

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

(*) 1 Director/a de Área: 25% da súa xornada anual.
1 Xefe/a de Servizo de Docencia: 40% da súa xornada anual.
2 Auxiliares administrativos/as: 30% da súa xornada anual.
1 Técnico : 60% da súa xornada anual

EIXO 3. INVESTIGACIÓN

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3: FOMENTAR UNHA INVESTIGACIÓN DE CALIDADE QUE RESPONDA AOS RETOS DO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE DE GALICIA

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3: INVESTIGACIÓN

Antecedentes e diagnóstico de situación

A investigación no Sistema Público de Saúde de Galicia desenvólvese principalmente nos Institutos de Investigación Sanitaria (IIS) galegos: Instituto de Investigación Biomédica de A Coruña (INIBIC), Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS) e o Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur (IISGS).

Os institutos de investigación sanitaria galegos son o resultado da asociación aos hospitais docentes e investigadores do Servizo Galego de Saúde, do Sistema Universitario Galego e outras entidades públicas. A misión principal destes institutos é realizar investigación traslacional da máxima calidade. Trátase de potenciar así aos hospitais como centros de investigación cos instrumentos necesarios para resolver as preguntas que xurdan na relación do profesional co paciente e a poboación.

Estes institutos facilitan tamén a captación de recursos económicos e a súa xestión transparente ante a cidadanía, ademais de garantir o uso eficiente das infraestruturas e recursos destinados á investigación.

No ano 2016, nos IIS galegos, máis de 1.000 investigadores participaron na publicación de 1.100 artigos en revistas de alto factor de impacto, e captaron máis de 30 millóns de euros. A consolidación da investigación aplicada obriga a optimizar o investimento en I+D biomédica, a reorganizar estruturas e crear outras novas, así como a fomentar a colaboración e cooperación entre grupos e redes de investigación.

Nos últimos anos producíronse importantes avances no ecosistema galego de investigación sanitaria. A pesar dunha contorna de crise, os tres institutos de investigación sanitaria impulsaron, de modo efectivo, a investigación biomédica e a innovación no ámbito da

saúde, aproveitando as oportunidades de alto nivel técnico das estruturas sanitarias asistenciais públicas do SERGAS.

Con todo, hai evidentes áreas de mellora respecto da situación actual da investigación na contorna sanitaria. Cómpre establecer unha carreira investigadora, cun marco legal axeitado e dotar de maior estabilidade ós profesionais que desenvolven a súa actividade nos Institutos. Tamén é necesario mellorar a visibilidade do seu traballo de cara a sociedade, conseguir melloras estruturais e maior acceso a oportunidades de financiamento, así como favorecer a conexión coa contorna empresarial. Precísase unha análise de situación e explorar as opcións factibles para deseñar a carreira profesional dos investigadores, ademais de contemplar a categoría de investigador nas Relacións de Postos de Traballo (RPTs) do Servizo Galego de Saúde.

Este obxectivo recolle un modelo integral de desenvolvemento que ten como fin principal incrementar a masa crítica de investigadores altamente cualificados que desenvolvan o seu labor no Sistema Público de Salud de Galicia, para o que se precisa consolidar unha estrutura de apoio aos investigadores que lles permita a súa integración e desenvolvemento da súa actividade científica ao máximo nivel de competitividade. A existencia dunha estrutura de apoio potente actúa como facilitador para atraer e reter profesionais altamente cualificados e competitivos.

Os centros sanitarios galegos son centros con alto potencial investigador, pero vense obrigados a actualizar a súa tecnoloxía, deseño e innovación de xeito continuado, cun claro enfoque aplicado se queren ser realmente competitivos.

Esta dinámica de competitividade, innovación e investigación aplicada necesita:

- Captar e reter investigadores altamente cualificados, que formen equipos capaces de contribuír o fortalecemento do tecido investigador sanitario galego.

- Conseguir unha carreira de desenvolvemento profesional atractiva para os investigadores.

- Conectar a xeración de coñecemento do entorno sanitario co mundo da empresa para conseguir minorar no posible o coñecido pola comunidade científica como “val da morte”.

Aliñamento co Plan Estratéxico de Galicia

O “Eixo 3: INVESTIGACIÓN” alíñase coa prioridade e co obxectivo do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 seguintes:

- PA.1.1: impulso da consolidación das políticas de gasto vencelladas a I+D+i. Integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento.

  a. OE 1.1.01 : Potenciar a I+D+i mediante o fomento da absorción de coñecemento por parte dos profesionais e das empresas, a mobilización e atracción de capital privado para os procesos de innovación galegos, o fomento da transferencia de investigación dende os axentes de xeración, a difusión do coñecemento cara o mercado e o apoio ao descubrimento emprendedor en todos os eidos.

Obxectivo Estratéxico e Obxectivos Operativos

O “Eixo 3: INVESTIGACIÓN” desenvólvese a través do “Obxectivo Estratéxico 3: INVESTIGACIÓN” con dous Obxectivos Operativos.

Obxectivo operativo 3.1: Consolidar unha contorna de investigación atractiva para a retención, captación e desenvolvemento de persoal investigador altamente cualificado.

Fíxanse para o Obxectivo Operativo 3.1 os resultados esperados que se reflicten na seguinte táboa para o ano 2021:

ACCIÓN	INDICADOR	V[1]	C[1]
3.1.1 Consolidar unha estrutura de Servizo de Apoio ao Investigador e ao persoal/técnicos de apoio á investigación vinculados (ou con vinculación potencial) ao Sistema Público de Saúde de Galicia (SPSG) para dar resposta ás consultas e resolución de incidencias.	- Consultas a resolver respecto das atendidas (%). - Emprego da guía por parte dos investigadores (%). - Consultas de investigadores vinculados ao SPSG (e outro persoal de investigación) a atender respecto das recibidas (%). - Elaboración de proposta de guía práctica do investigador (Data). - Execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa (%).	60% (**) 40% 85% (*) - 90%	100%
3.1.2 Promover melloras nas condicións de traballo e favorecer o desenvolvemento profesional do persoal investigador mediante a regulamentación da Carreira Investigadora.	- Establecemento do marco regulatorio de contratación de persoal investigador (Si/Non). - Elaboración da proposta do Manual de Acollida do Investigador (Si/Non). - Accións de coordinación a organizar para as melloras no desenvolvemento profesional (Nº). - Reunións de grupos de traballo para a elaboración do Manual do persoal investigador (Nº). - Execución do gasto respecto ao programado no	Si Si 3 4 90%	100%

ACCIÓN	INDICADOR	V[1]	C[1]
	CPX para a realización desta acción operativa (%).		

V1: Valor do indicador meta no ano 2021.

C1: Grao de cumprimento esperado.

(**) Establecido para o ano 2021.

Accións de desenvolvemento do O.O. 3.1

ACCIÓN 3.1.1	**CONSOLIDAR UNHA ESTRUTURA DE SERVIZO DE APOIO AO INVESTIGADOR PARA DAR RESPOSTA ÁS SÚAS CONSULTAS E RESOLUCIÓN DE INCIDENCIAS**		
Descrición	Actuar como punto de referencia, en coordinación cos demais axentes implicados na investigación biosanitaria, para ofrecer aos investigadores e outro persoal con actividade en investigación (ex. técnicos de apoio á investigación) vinculados ao Sistema Público de Saúde de Galicia (SPSG) (ou con vinculación potencial): - a orientación necesaria nos trámites administrativos de xestión. - resolver as súas consultas e tratar as incidencias xurdidas. - intermediación coas axencias públicas de financiamento. - información sobre opcións de financiamento público, principalmente nas que o Servizo Galego de Saúde e a Axencia Galega de Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) participan ou poden participar como centros beneficiarios. información, tramitación e seguimento de axudas para a contratación de recursos humanos en investigación e proxectos xestionadas por axencias financiadoras públicas nos que o Servizo Galego de Saúde e ACIS participen como centros beneficiarios.		
Reto	Facilitar a interlocución dos investigadores coas Administracións Públicas e outros axentes implicados na contorna investigadora e prestarlles apoio nos temas de xestión e administrativos para optimizar o seu tempo de dedicación á súa actividade investigadora e a súa integración nos centros do Sistema Público de Saúde de Galicia.		
Responsable/es	Técnico/a da Área de Investigación de ACIS.		
Cronograma	**2021**	1er S	2º S
		☑	☑
Duración	A acción ten carácter continuo polo dinamismo dos procedementos das axudas nas que o Servizo Galego de Saúde e ACIS participan e poidan participar como beneficiarios, e polo dinamismo inherente ao ámbito da xestión de RRHH.		
Tarefas da acción (programación)		**2021**	
		1er S	2º S
1. Información sobre opcións de financiamento público (fundamentalmente AES e MINECO).		☑	☑
2. Asesoramento na xestión administrativa na presentación de propostas a convocatorias públicas.		☑	☑
3. Resolución de dúbidas no marco da presentación de axuda, seguimento de axudas concedidas e incidencias xurdidas.		☑	☑
4. Realización de accións informativas (sesións presenciais, e a través doutros canles de comunicación).		☑	☑
5. Xestión de solicitudes de axudas e documentación de seguimento de axudas concedidas e revisión para a tramitación da firma do representante legal do Servizo Galego de Saúde como centro beneficiario.		☑	☑

ACCIÓN 3.1.1	CONSOLIDAR UNHA ESTRUTURA DE SERVIZO DE APOIO AO INVESTIGADOR PARA DAR RESPOSTA ÁS SÚAS CONSULTAS E RESOLUCIÓN DE INCIDENCIAS
6.Elaboración dunha proposta de guía práctica para o investigador que accede ao Sistema Público de Saúde de Galicia para facilitar fundamentalmente as xestións administrativas e resolver as cuestións básicas para a familiarización co seu novo entorno e para o desenvolvemento da súa actividade profesional.	
Indicadores/Resultados esperados[1]	**2021**
• % de consultas a resolver respecto das atendidas.	60%
• % de emprego da guía por parte dos investigadores.	40%
• % consultas de investigadores vinculados ao SPSG (e outro persoal de investigación) a atender respecto das recibidas.	85%
• Elaboración de proposta de guía práctica do investigador.	
• % de execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa.	90%
Recursos	**2021**
A. Materiais	Ferramentas informáticas
B. Humanos	2 (*)
C. Económicos	**39.192,07 €**

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

(*) 1 Técnicos/as: 40 % da súa xornada anual.
1 Auxiliar administrativo/a: 12,5 % da súa xornada anual.

ACCIÓN 3.1.2	PROMOVER MELLORAS NAS CONDICIÓNS DE TRABALLO E FAVORECER O DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL DO PERSOAL INVESTIGADOR MEDIANTE A REGULAMENTACIÓN DA CARREIRA INVESTIGADORA		
Descrición	Análise de situación dos recursos humanos de investigación ao servizo do Sistema Público de Saúde de Galicia e exploración das opcións factibles na busca dun deseño de carreira de desenvolvemento profesional do persoal investigador axeitado ao Sistema Público de Saúde de Galicia e acadar a súa integración.		
Reto	Promover as accións de integración do persoal investigador no Sistema Público de Saúde de Galicia e de coordinación para o establecemento dun sistema de desenvolvemento profesional que facilite o incremento da masa crítica estable de investigadores altamente cualificados que poidan desenvolver a súa actividade científica ao máximo nivel de competitividade.		
Responsable/es	Técnico/a e Director/a da Área de Investigación de ACIS.		
	2021		
Cronograma	1er S	2º S	
	☑	☑☑	
Duración	A acción ten carácter continuo no período 2018-2021		
Tarefas da acción (programación)		**2021**	
		1er S	2º S
1. Organización de sesións de traballo con investigadores e persoal de xestión dos Institutos de Investigación Sanitaria.		☑	☑
2. Elaboración da análise de situación dos recursos humanos de investigación ao servizo do Sistema Público de Saúde de Galicia e proposta de ordenación dos recursos humanos.		☑	
3. Elaborar unha proposta de Manual de Acollida do Investigador, que		☑	☑

ACCIÓN 3.1.2	PROMOVER MELLORAS NAS CONDICIÓNS DE TRABALLO E FAVORECER O DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL DO PERSOAL INVESTIGADOR MEDIANTE A REGULAMENTACIÓN DA CARREIRA INVESTIGADORA	
	recolla aspectos prácticos sobre o seu traballo, dereitos e deberes, orientación sobre a solicitude de proxectos de investigación, actividades de transferencia, etc...	
	4. Promover accións de modo conxunto coa Dirección Xeral de RR.HH do Servizo Galego de Saúde e a Dirección Xeral de Función Pública para analizar e propor un marco regulatorio de contratación dos investigadores no Sistema Público de Saúde de Galicia.	☑
	Indicadores/Resultados esperados[1]	**2021**
	• Establecemento do marco regulatorio de contratación de persoal investigador.	Si
	• Elaboración da proposta do Manual de Acollida do Investigador.	Si
	• Nº de accións de coordinación a organizar para as melloras no desenvolvemento profesional.	3
	• Nº de reunións de grupos de traballo para a elaboración do Manual do persoal investigador.	4
	• % de execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa.	90%
	Recursos	**2021**
	A. Materiais	Non se precisan
	B. Humanos	3 (*)
	C. Económicos	**87.489,47 €**

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

(*) 1 Técnico/a ACIS: 35 % da súa xornada anual.
1 Director/a Investigación ACIS: 45 % da súa xornada anual
1 Auxiliar administrativo/a: 25 % da súa xornada anual.

Obxectivo operativo 3.2: Impulsar e consolidar o tecido de estruturas de apoio a investigación.

O aumento de grupos de investigación biosanitaria a nivel nacional e europeo, que non se acompañou en paralelo dun aumento de financiamento, xerou unha contorna de investigación altamente competitiva. Este feito obriga a repensar a orientación do ecosistema, apostando por unha maior especialización, e fortalecendo a actividade dos grupos de investigación. Para afrontar os retos que se presentan, desde ACIS, como elemento nucleador da actividade investigadora no ámbito sanitario, se considera necesario:

- Incidir no reforzo e potenciación de estruturas de apoio á investigación, como os Biobancos, o Comité Ético de Investigación de Galicia, Plataformas de Ensaios Clínicos e Plataformas de Microbioloxía 4.0, etc... porque estas plataformas transversais son un

activo de gran valor para potenciar a actividade investigadora sanitaria na nosa Comunidade Autónoma.

- Promover o aceso dos pacientes a participación en ensaios clínicos, garantindo a equidade do nosos sistema, e potenciando a realización de ensaios clínicos.
- Participar nos órganos de goberno de organismos autonómicos e nacionais con capacidade de decisión en políticas de investigación (IIS, CIBER, CNIO, etc.).
- Mellorar os sistemas de recollida da produción científica dos nosos profesionais.
- Colaborar, en estreito contacto coa área de innovación de ACIS, en que a investigación que se desenvolve en Galicia teña unha aplicación práctica para os pacientes, e redunde no seu beneficio, mediante o desenvolvemento de patentes, acordos de licenza, spin-off.

Fíxanse para o Obxectivo Operativo 3.2 os resultados esperados que se reflicten na seguinte táboa para o ano 2021:

ACCIÓN	INDICADOR	V[1]	C[1]
3.2.1 Promover o acceso de pacientes a ensaios clínicos así como dun Sistema integrado de información da investigación clínica do Sistema Público de Saúde de Galicia.	- Xornadas de difusión da actividade do CAEIC (Nº).	1	
	- Elaboración dun borrador de instrución sobre obrigatoria comunicación dos novos ensaios abertos por parte das Fundacións ao CEIC (Si/Non).	Non (*)	
	- Presentación para aprobación por parte dos Servizos Xurídicos e a Secretaría da Consellería do procedemento de derivación de doentes (Si/Non).	Non (*)	
	- Posta en funcionamento do Protocolo de centralización de datos de ensaios en ACIS (Si/Non).	Non (*)	100%
	- Activación do Procedemento de derivación de doentes entre centros (Si/Non).	Non (*)	
	- Visibilización da actividade do CEAIC.	Non (*)	
	- Execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa (%).	90%	
3.2.2 Potenciar os biobancos adscritos ao SERGAS e por en marcha o Proxecto Microbioloxía 4.0 para o desenvolvemento de plataformas tecnolóxicas que permitan obter, de xeito rápido e totalmente automatizado, diagnósticos microbiolóxicos fiables de calquera patoloxía a partir de calquera mostra clínica biolóxica, así como identificar cambios no microbioma humano asociados a determinadas enfermidades.	- Eventos de difusión sobre a actividade dos biobancos a organizar (Nº).	1	100%
	- Redacción do documento de creación nodo Ourense do biobanco IISGS (Si/Non).	Non (*)	
	- Elaboración da Orde que recolla a creación da Rede Galega de Biobancos. Tramitación da Orde (Si/Non).	Non (*)	
	- Elaboración dos Estatutos para a creación	Non (*)	

ACCIÓN	INDICADOR	V[1]	C[1]
	da Rede Galega de Biobancos (Si/Non).		
	- Elaboración de material de difusión da Rede Galega de Biobancos (dípticos, etc.) (Si/Non).		
	- Aprobación da creación do nodo de Ourense por parte da Subinspección de Calidade da Consellería e da Asesoría Xurídica (Si/Non).	Si	
	- Aprobación de Estatutos e Regulamento Interno da Rede Galega de Biobancos (Si/Non).	Non (*)	
	- Publicación de materiais de difusión sobre a actividade dos Biobancos (Si/Non).	Non (*)	
	- Execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa (%).	Si	
		90%	
3.2.3 Participación nos mecanismos de goberno e vinculación con axentes de investigación autonómicos e nacionais.	- Reunións dos Consellos Reitores dos IIS ás que se asistirá (Nº).	6	100%
	- Reunións dos Patronatos das Fundacións de Xestión da Investigación ás que se asistirá (Nº).	6	
	- Reunións do Patronato do CNIO ás que se asistirá (Nº).	2	
	- Reunións do Consello Reitor do CIBER ás que se asistirá (Nº).	2	
	- Reunións do Comité de Seguimento de Investén ás que se asistirá (Nº)	2	
	- Execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa (%).	90%	
3.2.4 Proporcionar soporte á xestión de procesos de transferencia de resultados de investigación do Sistema Público de Saúde de Galicia.	- Solicitudes de patentes, acordos ou licencias a tramitar (Nº).	12	100%
	- Asistencia técnica aos investigadores (Si/Non).	Si	
	- Accións de promoción da transferencia a realizar (Si/Non)	Si	
	- Solicitudes de patentes que se conceden (Nº).	4	
	- Acordos de cotitularidade de patentes a tramitar (Nº).	3	
	- Acordos licencia de patentes a conseguir (Nº).	1	
	- Execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa (%).	90%	

V1: Valor do indicador meta no período ano 2021.

C1: Grao de cumprimento esperado.

(*) Valor da última anualidade.

Accións de desenvolvemento do O.O. 3.2

ACCIÓN 3.2.1	**PROMOVER O ACCESO DE PACIENTES A ENSAIOS CLÍNICOS ASÍ COMO DUN SISTEMA INTEGRADO DE INFORMACIÓN DA INVESTIGACIÓN CLÍNICA DO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE DE GALICIA**	
Descrición	Está acción engloba un conxunto de actividades de diversa índole (difusión de información, mellora de procedementos, etc.) encamiñadas a reforzar a realización e inclusión de pacientes en ensaios clínicos.	
Reto	Nesta acción preténdese: a) Potenciar o papel do Comité Autonómico de Ética de Investigación Clínica b) facilitar o acceso a novas opcións terapéuticas a todos os pacientes da comunidade autónoma de Galicia.	
Responsable/es	Director/a da Área de Investigación de ACIS.	
Cronograma	**2021**	
	1er S	2º S
	☑	☑
Duración	As accións de difusión teñen carácter continuo ao longo do período 2018-2021. O deseño de protocolos para centralizar a información sobre ensaios abertos e o procedemento de derivación de doente desenvolveranse no ano 2018.	
Tarefas da acción (programación)	**2021**	
	1er S	2º S
1.Difusión de información a investigadores sobre os tipos de ensaios clínicos.	☑	☑
2.Organización de xornadas de difusión sobre as actuacións do Comité Autonómico de Ética de Investigación Clínica.		☑
Indicadores/Resultados esperados[1]	**2021**	
• Nº de xornadas de difusión da actividade do CAEIC.	1	
• Elaboración dun borrador de instrución sobre obrigatoria comunicación dos novos ensaios abertos por parte das Fundacións ao CEIC.		
• Presentación para aprobación por parte dos Servizos Xurídicos e a Secretaría da Consellería do procedemento de derivación de doentes.		
• Posta en funcionamento do Protocolo de centralización de datos de ensaios en ACIS.		
• Activación do Procedemento de derivación de doentes entre centros.		
• Visibilización da actividade do CEAIC.		
• % de execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa.	90%	
Recursos	**2021**	
A. Materiais	Trípticos, Carteleria, instalacións de ACIS para xornadas de difusión actividade dos Biobancos	
B. Humanos	3 (*)	
C. Económicos	**64.124,92 €**	

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

(*) 1 Técnico/a: 30 % da súa xornada anual.
1 Director/a Investigación: 25 % da súa xornada anual.
1 Auxiliar administrativo/a: 25 % da súa xornada anual.

ACCIÓN 3.2.2	**POTENCIAR OS BIOBANCOS ADSCRITOS AO SERGAS E POR EN MARCHA O PROXECTO MICROBIOLOXÍA 4.0 PARA O DESENVOLVEMENTO DE PLATAFORMAS TECNOLÓXICAS QUE PERMITAN OBTER, DE XEITO RÁPIDO E TOTALMENTE AUTOMATIZADO, DIAGNÓSTICOS MICROBIOLÓXICOS FIABLES DE CALQUERA PATOLOXÍA A PARTIR DE CALQUERA MOSTRA CLÍNICA BIOLÓXICA, ASÍ COMO IDENTIFICAR CAMBIOS NO MICROBIOMA HUMANO ASOCIADOS A DETERMINADAS ENFERMIDADES**
Descrición	Os biobancos son unidades dotadas de persoal e equipamento especializado que xestionan unha colección de mostras biolóxicas concibida con fins diagnósticos ou de investigación biomédica e organizada como unha unidade técnica baixo criterios de calidade, orde e destino. Estas mostras, unha vez recollidas, procesadas, almacenadas e xestionadas, póñense a disposición dos investigadores para o seu uso na obtención de novos coñecementos científicos. O seu funcionamento regúlase no Real Decreto 1716/2011, do 18 de novembro. En Galicia existen catro biobancos adscritos ao SERGAS, todos eles inscritos no Rexistro Nacional de Biobancos. Están situados –nos complexos hospitalarios de Santiago de Compostela, A Coruña, Vigo e Lugo. Esta acción engloba as actividades dirixidas a impulsar, dar soporte e difundir o traballo dos biobancos, así como a avanzar cara a un modelo de funcionamento integrado entre os biobancos adscritos ao SERGAS (creación da Rede Galega de Biobancos).
Reto	Contribuir a poñer en valor a actividade dos Biobancos, difundir as accións que se realizan nos diferentes hospitais, promover que continúen ofertando recursos para proxectos de investigación.
Responsables	Director/a e técnico/a da Área de Investigación de ACIS.

Cronograma	**2021**	
	1er S	2º S
	☑	☑

Duración	A organización de eventos e actividades de difusión ten carácter continuo ao longo de todo o período. A elaboración dos Estatutos da Rede Galega abordarase ao longo de 2018, o mesmo que a creación do nodo de Ourense.

Tarefas da acción (programación)	**2021**	
	1er S	2º S
1.Organización de xornadas de difusión da actividade dos biobancos.	☑	☑
4.Soporte para a elaboración de material de difusión, soporte para a organización dunha xornada de presentación e futuras actividades de difusión.	☑	☑

Indicadores/Resultados esperados[1]	**2021**
• Nº de eventos de difusión sobre a actividade dos biobancos a organizar.	1
• Redacción do documento de creación nodo Ourense do biobanco IISGS.	
• Elaboración da Orde que recolla a creación da Rede Galega de Biobancos. Tramitación da Orde (Si/non).	
• Elaboración dos Estatutos para a creación da Rede Galega de Biobancos (Si/Non).	
• Elaboración de material de difusión da Rede Galega de Biobancos (dípticos, etc.).	Si
• Aprobación da creación do nodo de Ourense por parte da Subinspección de Calidade da Consellería e da Asesoría Xurídica.	
• Aprobación de Estatutos e Regulamento Interno da Rede Galega de Biobancos.	
• Publicación de materiais de difusión sobre a actividade dos Biobancos.	Si
• % de execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa.	90%

Recursos	**2021**
A. Materiais	Salón actos ACIS
B. Humanos	4 (***)

ACCIÓN 3.2.2	POTENCIAR OS BIOBANCOS ADSCRITOS AO SERGAS E POR EN MARCHA O PROXECTO MICROBIOLOXÍA 4.0 PARA O DESENVOLVEMENTO DE PLATAFORMAS TECNOLÓXICAS QUE PERMITAN OBTER, DE XEITO RÁPIDO E TOTALMENTE AUTOMATIZADO, DIAGNÓSTICOS MICROBIOLÓXICOS FIABLES DE CALQUERA PATOLOXÍA A PARTIR DE CALQUERA MOSTRA CLÍNICA BIOLÓXICA, ASÍ COMO IDENTIFICAR CAMBIOS NO MICROBIOMA HUMANO ASOCIADOS A DETERMINADAS ENFERMIDADES
C. Económicos	**68.312,28 €**

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

(***) 1 Técnico/a de ACIS: 45 % da súa xornada anual.
1 Director/a Investigación: 20 % da súa xornada anual.
1 Auxiliar administrativo/a: 25 % da súa xornada anual.
Persoal externo: 1 Xestor/a, 20% da súa xornada anual.

ACCIÓN 3.2.3	PARTICIPACIÓN NOS MECANISMOS DE GOBERNO E VINCULACIÓN CON AXENTES DE INVESTIGACIÓN AUTONÓMICOS E NACIONAIS	
Descrición	Esta acción engloba as actividades relacionadas coa participación de ACIS nos consellos reitores dos Institutos de Investigación Sanitaria (IIS), nos padroados das fundacións de xestión da investigación sanitaria e noutras plataformas de colaboración científica en rede (CIBER, CNIO, INVESTEN, etc.). Se inclúe aquí ademais a colaboración con outras entidades de ámbito galego de apoio á investigación como GAIN e as Universidades do Sistema Universitario de Galicia (S.U.G).	
Reto	Vinculación con axentes responsables da formulación de políticas, medidas o programas de promoción científica e innovación relacionados co ámbito da saúde que poidan concernir a Galicia.	
Responsable/es	Director da Área de Investigación e Xerente de ACIS	
Cronograma	**2021** 1er S ☑	 2º S ☑
Duración	As actividades desenvolveranse de forma continua ao longo do período 2018-2021.	

Tarefas da acción (programación)	**2021**	
	1er S	2º S
1. Recepción de convocatoria.	☑	☑
2. Preparación de reunión.	☑	☑
3. Asistencia a reunión.	☑	☑
4. Reporte.	☑	☑

Indicadores/Resultados esperados[1]	**2021**
• Nº de reunións Consello Reitores dos IIS ás que se asistirá.	6
• Nº de reunións dos Patronatos das Fundacións de Xestión da Investigacion ás que se asistirá.	6
• Nº de reunións do Patronato do CNIO ás que se asistirá.	2
• Nº de reunións do Consello Reitor de CIBER ás que se asistirá.	2
• Nº de reunións do Comité de Seguimento de Investén.	2
• % de execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa.	90%

Recursos	**2021**
A. Materiais	Non se precisan
B. Humanos	2 (*)
C. Económicos	**95.763,87 €**

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

(*) 1 Director/a Investigación ACIS: 10 % da súa xornada anual.
1 Auxiliar administrativo/a: 25 % da súa xornada anual.

ACCIÓN 3.2.4	**PROPORCIONAR SOPORTE A XESTIÓN DE PROCESOS DE TRANSFERENCIA DE RESULTADOS DE INVESTIGACIÓN DO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE DE GALICIA**	
Descrición	A investigación realizada nos laboratorios e nos centros sanitarios debe repercutir positivamente nos pacientes. É necesario por tanto favorecer os mecanismos que permitan que haxa unha verdadeira investigación traslacional e aplicada. Esta acción engloba as actividades relacionadas co soporte a procesos de xestión de transferencia de resultados da investigación desenvolvida por investigadores e profesionais do Servizo Galego de Saúde.	
Reto	Contribuír á xestión de solicitudes de patentes, acordos de licenza e acordos de cotitularidade dos resultados de investigación dos investigadores do Servizo Galego de Saúde.	
Responsable/es	Técnico da Área de Investigación de ACIS.	
	2021	
Cronograma	1er S	2º S
	☑	☑
Duración	A acción ten carácter continuo ao longo do período 2018-2021.	
Tarefas da acción (programación)	**2021**	
	1er S	2º S
1. Asistencia na identificación de resultados susceptibles de protección.	☑	☑
2. Asistencia na elaboración de documentos de solicitude de patentes, acordos de cotitularidade e acordos de licencia.	☑	☑
3. Tramitación dos acordos de cotitularidade, licencia, etc... en colaboración co Servizo de Patrimonio do Servizo Galego de Saúde, Asesoría Xurídica e Subdirección Xeral de Xestión Económica Patrimonial das Entidades Instrumentais do Sector Público Autonómico.	☑	☑
4. Búsqueda de financiación para o desenvolvemento das accións de transferencia.	☑	☑
5. Accións de difusión e promoción da transferencia de resultados.	☑	☑
Indicadores/Resultados esperados[1]	**2021**	
• Nº de solicitudes de patentes, acordos ou licencias a tramitar[2].	12	
• Asistencia técnica aos investigadores.	Si	
• Accións de promoción da transferencia a realizar.	Si	
• Nº de solicitudes de patentes que se conceden.	4	
• Nº de acordos de cotitularidade de patentes a tramitar.	3	
• Nº de acordos licencia de patentes a conseguir.	1	
• % de execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa.	90%	
Recursos	**2021**	
A. Materiais	Ferramentas informáticas	
B. Humanos	3 (*)	
C. Económicos	**140.652,40 €**	

Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

No proceso de transferencia non se consigue que todas as posibles patentes ou licencias sexan aprobadas.

(*) 1 Técnico/a ACIS: 50% da súa xornada anual.

1 Auxiliar administrativo/a: 75 % da súa xornada anual.

Persoal externo: 1 Técnico/a, 30% da súa xornada anual.

Persoal do Servizo de Patrimonio do Servizo Galego de Saúde, Asesoría Xurídica e Subdirección Xeral de Xestión Económica Patrimonial das Entidades Instrumentais do Sector Público Autonómico. (Dende ACIS non se ten capacidade para indicar o número de efectivos destinados a este proceso por parte de cada un destes departamentos).

EIXO 4. INNOVACIÓN

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4: IMPULSAR A INNOVACIÓN NO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE DE GALICIA

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4: VALORIZACIÓN, TRANSFERENCIA DE RESULTADOS E INNOVACIÓN ABERTA

Antecedentes e diagnóstico de situación

A investigación no Sistema Público de Saúde de Galicia está estruturada en torno a tres Institutos de Investigación Sanitaria (IIS): Instituto de Investigación Biomédica de A Coruña (INIBIC), Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS) e o Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur (IISGS); en conxunto estas entidades xestionan mais de 120 grupos de investigación que captan arredor de 30 millóns de Euros anuais en convocatorias competitivas. O sistema xera cerca de 15 patentes ao ano, algunhas delas con un alto potencial de valor para ao sector privado e para os pacientes. Nos últimos anos en Galicia constituíronse dúas empresas de base tecnolóxica e asináronse acordos de valorización con varias entidades privadas. A valorización dos resultados de investigación contribúe a sustentabilidade da investigación biomédica galega e ao mesmo tempo abre o camiño para que os pacientes se poidan beneficiar dos resultados da investigación.

A pesar do potencial de innovación que se deriva das capacidades e resultados do sistema sanitario, existen aínda moitas dificultades para levar os resultados da Investigación biomédica que se fai en Galicia á práctica clínica a través de novos ou mellorados produtos, procesos e servizos: non están sistematizados os procesos de identificación, valorización e transferencia de resultados de investigación, son todavía incipientes os mecanismos de financiamento de procesos de valorización tecnolóxica e comercial de resultados, é preciso mellorar o acceso a potenciais licenciatarios ou socios industriais, etc.

Aliñamento co Plan Estratéxico de Galicia

O “Eixo 4: INNOVACIÓN” alíñase coa prioridade e co obxectivo do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 seguintes:

- PA.1.1: impulso da consolidación das políticas de gasto vencelladas a I+D+i. Integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento.
  a. OE 1.1.01 : Potenciar a I+D+i mediante o fomento da absorción de coñecemento por parte dos profesionais e das empresas, a mobilización e atracción de capital privado para os procesos de innovación galegos, o fomento da transferencia de investigación dende os axentes de xeración, a difusión do coñecemento cara o mercado e o apoio ao descubrimento emprendedor en todos os eidos.

Obxectivo Estratéxico e Obxectivos Operativos

O Eixo 4: INNOVACIÓN desenvólvese a través do "Obxectivo Estratéxico 4: VALORIZACIÓN, TRANSFERENCIA DE RESULTADOS E INNOVACIÓN ABERTA" con tres Obxectivos Operativos.

Obxectivo operativo 4.1: Promover a valorización dos resultados da investigación sanitaria e a cultura de innovación entre os profesionais do SERGAS

A valorización e transferencia de resultados no eido biomédico é un ámbito complexo que precisa, para desenvolver o seu potencial, de coñecemento, competencias, procesos e metodoloxías específicas (por exemplo: coñecemento dos procesos de desenvolvemento clínico e o seu impacto na estratexia de protección da IP, aspectos relativos a negociación de acordos de transferencia de tecnoloxía, mecanismos de financiación e estratexias de inversión, etc.).

En definitiva, o reto é desenvolver un modelo de traballo para potenciar a innovación biomédica con impacto no progreso social e no desenvolvemento económico da nosa comunidade, así como na sustentabilidade do sistema sanitario pola entrada de retornos da explotación dos resultados da investigación biomédica.

Fíxanse para o Obxectivo Operativo 4.1 os resultados esperados que se reflicten na seguinte táboa para o ano 2021:

ACCIÓN	INDICADOR	V[1]	C[1]
